

BORRADOR DEFINITIVO REGULAMENTO INTERNO COORDINADORA EN MAREA

Artigo 1

A Coordinadora Nacional de En Marea está composta por once persoas elixidas polo Consello das Mareas de entre os seus membros que exercerán cada unha, tanto a nivel externo como interno, unha responsabilidade nacional específica da que renderán contas ante o Consello das Mareas e a Asemblea Nacional de En Marea.

As persoas membros da Coordinadora non percibirán remuneración algunha pola súa pertenza a este organismo, agás as compensacións establecidas por desprazamentos, dietas ou pernoctacións relacionadas coa súa actividade orgánica establecidas na Carta Financeira de EM.

A coordinadora terá a competencia para executar as decisións do Consello da Marea e do Plenario, así como para as cuestións operativas que non poidan agardar a unha reunión do Consello. Calquera decisión que supere o ámbito da execución de acordos de outros órganos deberá ser ratificada na seguinte reunión do Consello ou, no seu caso, do Plenario.

As relacións deste órgano cos demais serán de coordinación e dirección política, mais en ningún caso terán carácter xerárquico.

Artigo 2

A Coordinadora Nacional reunirse ordinariamente con carácter quincenal por convocatoria da persoa Portavoz Nacional ou da persoa en quen delegue.

A orde do día será establecida pola persoa portavoz ou por acordo dos membros, podendo solicitarse a inclusión de puntos na orde do día se se comunica con antelación suficiente.

Artigo 3

A Coordinadora Nacional exercerá mancomunadamente a representación xurídica, económica, patrimonial e legal de En Marea. Ademais, exercerá as seguintes competencias:

1. Representación de En Marea entre sesións do Consello das Mareas.
2. Relacións políticas nacionais e internacionais.
3. Relacións cos medios de comunicación.
4. Relacións institucionais de En Marea
5. Elaborar propostas de carácter político e organizativo para a súa consideración polo Consello das Mareas.
6. Organizar as actividades de En Marea no ámbito nacional.
7. Dirixir un gabinete técnico de apoio ás tarefas da Coordinadora e do Consello das Mareas.
8. Elaborar e xestionar os orzamentos e as finanzas nacionais, así como a apertura e peche de contas bancarias.
9. Presentar ao Consello das Mareas o seu Plan de Traballo entre plenarios e dar conta da xestión desenvolvida para a súa aprobación.
10. Decidir sobre as cuestións urxentes que se presenten entre reunións do Consello das Mareas, dando conta destas na primeira sesión do mesmo.
11. Presentar un informe de xestión ante a Asemblea Nacional de En Marea.
12. As que expresamente se lle atribúan polos Estatutos ou regulamentos en vigor, así como as que lle sexan delegadas polo Consello das Mareas.

Artigo 4

A Coordinadora Nacional estrutúrase nas seguintes responsabilidades:

| <u>Acción Estratéxica</u> | <u>Responsable</u> | <u>Corresponsables</u> |
|--------------------------------|--------------------|------------------------|
| 1. Relacións Políticas: | Luís Villares | Esther |
| 2. Relato: | Mario | Sara |
| 3. Comunicación: | Sara | Mario |
| 4 Formación-Mareas sectoriais: | Chelo | Luís - Iria |

Coordinación e Extensión

| | | |
|--------------------------------|---------|---------|
| 5. Coordinación interna: | Vitoria | Ana |
| 6. Extensión Territorial: | Iria | Elena |
| 7. Municipalismo: | Ana | Vitoria |
| 8. Ferramentas: | Alfonso | Elena |
| 9. Metodoloxía e coidados: | Elena | Alfonso |
| 10. Administración e finanzas: | Gonzalo | Esther |

Transversais

| | | |
|---|--------|--------------|
| 11. Relacións cos movementos sociais: | Esther | Luís – Chelo |
| 12. Feminización e Acción Feminista: | Ana | Iria |
| 13. Cultura, Lingua e Patrimonio serán colexiada. | | |

Responsabilidade de Voceiría e representación política. A persoa Portavoz exerce a máxima representación pública e as relacións políticas de En Marea, impulsa e coordina o traballo dos organismos nacionais. Coordinará as relacións institucionais de En Marea e coordinará a actuación da organización co Grupo Parlamentar.

As persoas Viceportavoces prestarán asistencia ás funcións que a Coordinadora lles encomende.

Responsabilidade de Relato. Formular e trasladar ideas e argumentarios aos distintos ámbitos de EM. Propor iniciativas de debate, palestras, etc.

Responsabilidade de Comunicación. Propondrá, organizará e deseñará a política de comunicación de En Marea e as relacións cos medios de comunicación. Transparencia. Xunto coas persoas Portavoz e Viceportavoces será a responsable do control de acceso aos programas electrónicos de comunicación de En Marea.

Responsabilidade de Formación-Mareas Sectoriais. Propondrá, deseñará, organizará e coordinará as accións formativas de En Marea. Coordinación dos grupos de traballo sectoriais.

Responsabilidade Coordinación Interna. Atenderá as áreas internas:

persoal asalariado, conflitos internos, e propondrá, coordinará e fará seguimento da evolución do censo de persoas inscritas en En Marea. Convocará e dirixirá as reunións da Coordinadora Nacional e do Consello das Mareas. Deseño e seguimento das campañas de inscrición a En Marea. Xunto coa persoa Portavoz e as dúas Viceportavoces, serán as únicas persoas con acceso ao Programa de Inscrición. Propondrá, organizará e deseñará as campañas electorais e actos públicos de En Marea.

Responsabilidade de Extensión territorial. Propondrá, coordinará e fará seguimento da expansión territorial de En Marea.

Responsabilidade de Municipalismo. Entenderá das cuestións relativas a política municipal e prestará apoio ás mareas locais neste ámbito.

Responsabilidade de Ferramentas. Atenderá do mantemento das redes e aplicacións de EM

Responsabilidade de Metodoloxía e Coidados. Propondrá mecanismos para relación e participación das inscritas en EM.

Responsabilidade de Administración e Finanzas. Asinará as contas nacionais mancomunadamente coa Portavoz e a responsable de Coordinación Interna. Propondrá os orzamentos nacionais e fará seguimento dos mesmos e de todas aquelas cuestións económicas de EM.

Responsabilidade de Relacións cos Movementos Sociais. Coordinará e promoverá a comunicación e relación de EM cos movementos sociais.

Responsabilidade de Feminización e Acción Feminista. Propondrá, deseñará, organizará e coordinará a política de igualdade de En Marea.

Responsabilidade de Cultura, Lingua e Patrimonio. A coordinadora velará mancomunadamente na defensa, conservación e promoción da lingua galega, do patrimonio galego e os dereitos lingüísticos das persoas galego falantes.

Artigo 5

En caso de resultar vacante a responsabilidade de Portavoz, será substituído polas persoas viceportavoces ata a elección polo Consello dunha nova responsable.

Artigo 6

As reunións da Coordinadora consideraranse validamente constituídas cando asistan a metade máis un dos seus membros en primeira convocatoria ou un terzo en segunda, sempre que fose convocada cun mínimo de 48 horas.

Fixarase previamente a duración da sesión e poderanse distribuir previamente os tempos en función dos temas a tratar. Os debates serán moderados pola persoa que se acorde e poderanse establecer quendas de intervención.

Artigo 7

Os acordos da Coordinadora adoptaranse sempre que sexa posible por consenso e, de non acadar o mesmo, por maioría do 75%, de 2/3 ou por maioría simple das membros asistentes.

Artigo 8

De cada reunión da Coordinadora redactarase acta na que constarán os asistentes e os acordos adoptados, con expresión, se é o caso, das votacións realizadas e das posicións particulares sempre que así o solicite o interesado ou interesada e as achegue por escrito no mesmo acto da reunión.

As actas da Coordinadora serán remitidas aos membros desta logo de ser aprobadas, se procede, na seguinte reunión e a continuación trasladadas ao Consello das Mareas. As actas poderán ser publicadas polo procedemento que se estableza.

Artigo 9

O idioma oficial da Coordinadora en todos os ámbitos e actividades, individuais ou colectivas, é o galego. Así mesmo, na súa documentación e medios de

expresión de calquera clase empregará unha linguaxe inclusiva e non sexista.

Artigo 10

En caso de baixa, renuncia voluntaria e motivada dun membro da coordinadora, será substituído por decisión do Consello das Mareas, atendendo aos mesmos criterios cos que foi electo no seu momento. A renuncia deberá presentarse mediante escrito razoado das causas ante a persoa responsable de organización para o seu traslado ao Consello. O Consello deberá resolver e comunicar a decisión á/ás persoa/s interesada/s no prazo máximo dun mes.